

OCCURRENCE



**Contidos:**

Pola recuperación dos nosos dereitos.	1
Retribucións inferiores. Fondo de Acción social? Radon	2
Nova responsábel. Edificio administrativo	3
Estamos fart@s!	4

## Pola recuperación dos nosos dereitos

As decisións políticas coa excusa da crise económica son un roubo e saqueo á clase traballadora e ao conxunto do pobo galego.

A recuperación económica é para os ricos, aumentan a súa riqueza, á conta dun empobrecemento xeral.

Medra o paro e baixa a poboación activa. A taxa de paro é do 15,08%, maior que no ano 2009.

Ter un traballo non permite vivir en condicións dignas. As pensións non garanten poder adquisitivo. As reformas do sistema público de pensións, do 2011 e 2013, fan que na Galiza teñamos as pensións máis baixas do Estado español.

A reforma laboral impón pobreza laboral, non hai creación de emprego, hai precariedade, contratos de traballo en condicións escravizantes, a tempo parcial e salarios miserentos.

Máis persoas no desemprego non perciben ningún tipo de ingresos. Non para a emigración de xente nova, deixando sen futuro á sociedade galega.

Medran os sectores sociais e abandonados polas Administracións ante os recortes sociais e privatizacións dos servizos públicos, do ensino, sanidade, servizos sociais, etc.

Criminalizan, reprimen, encadean a quen se mobiliza, quen exerce a liberdade de expresión, quen defende os dereitos da clase traballadora e quen loita polos dereitos das nacións que integramos o Estado español.

O Goberno de Feixoo non toma iniciativas ante esta grave situación, sométese a estas políticas decididas en Madrid e Bruxelas, actuando só en favor dos Fondos de Inversión, que acumulan máis riqueza en menos mans, lonxe de Galiza.

O Goberno español do PP, en minoría parlamentaria, cheo de corrupción e con total impunidade, reforza os recortes nos Orzamentos do Estado, mentres as teóricas forzas da esquerda española son incapaces de poñerse de acordo para botalos das institucións, e acabar con todas estas reformas laborais e sociais que tanto dano fan.

 [@CIGAAutonomicaOU](https://twitter.com/CIGAAutonomicaOU)

 <https://www.facebook.com/CIG.Autonomica.Ourense>

 [ourense@cigadmon.gal](mailto:ourense@cigadmon.gal)

Web: <http://autonomica.cigadmon.gal>  
Parque de San Lázaro, 12 – 4º andar

Telefono: 988 233 850

Fax: 988 222 855

## Mesmo traballo, retribucións moi inferiores

Os empregados da Administración Autonómica de Galiza somos os últimos a nivel de retribucións comparados co resto de CCAA. Exactamente o mesmo traballo pero moi inferiores retribucións...

Ante esta clara desigualdade económica, a Xunta de Galiza utiliza a técnica de divide e vencerás. En vez de convocar a Mesa Xeral de negociación dos empregados/as públicos/as para subirlle as retribucións a todas/os... convoca as mesas sectorais.

Dende a CIG esiximos que a negociación abranga A TODO O PERSOAL DA XUNTA DE GALIZA, docente, "non" docente, sanitario, "non" sanitario, funcionario, laboral e estatutario.

A negociación ten que ser COLECTIVA, e todos os cartos que se dispoñan teñen que estar enriba da Mesa Xeral de negociación dos empregados/as públicos/as da Xunta de Galiza e non en mesas sectoriais. Non podemos crear castas dentro da Administración.

Mentres, en Madrid, asínanse acordos que des-indexan os salarios públicos do IPC. Os empregados públicos galegos continuamos cos **descontos por IT**. E que pasou **coa xornada de 35 horas**? E a **xubilación parcial**? E o que nos **quitaron nas extras** do 2013, 2014, 2015 e 2016?

En cambio hai cartos para facer **incrementos retributivos de ata un 30% para Gardas Cívís e Policía** (en pago polo seu papel na crise catalá).

## Fondo de Acción social inexistente

Calquera outra empresa de tamaño menor que a Xunta dispón de Fondos de Acción Social que cubren moitas máis continxencias do seu persoal que a atención a familiares con discapacidades. O persoal funcionario doutras administracións e doutros réximes distintos ao réxime xeral da Seguridade Social conservan unha acción social moito mellor ca do persoal da Xunta. E seguimos cos agravios comparativos. Este fondo fica recortado na Xunta desde o 2012 coa implantación da Lei de medidas "temporal".

Lembras como eran antes o FAS? Busca o último no 2010 (DOG Núm. 27, Mércores, 09 de febreiro de 2011), antes dos recortes, que constaba das seguintes axudas: xubilación (3.500 euros), atención aos discapacitados (1.300 euros), fillos menores (150 euros), estudos fillos (90 euros), estudos do traballador (200 euros), para adquisición de vivenda (1.532 euros), maiores a cargo (200 euros) e gastos sanitarios (60 euros para tratamentos e próteses e 60 euros para adquisición de produtos de alimentación).

Os compañeiros de MUFACE e de outras administracións teñen dereito a axudas. Por que aquí na Xunta de Galiza non as temos? Busca o BOP n.º 35 · luns, 11 febreiro 2013 e poderás ver e comparar o FAS do persoal do Concello de Ourense.

## O radón

A Xunta de Galiza en Ourense non realiza medicións do **canceríxeno RADON** a pesares de ser reclamado polos delegados e delegadas da CIG en numerosas ocasións. As avaliacións de riscos laborais dos diferentes postos dos centros de traballo espallados por Ourense unicamente teñen en conta o control dos factores termohigrométricos. Dende o 6 de febreiro deste ano é obrigatorio segundo a Directiva 2013/59/EURATOM, a toma de medidas sobre o gas radón nas áreas de risco.

A pesar de que o gas radón é **causante do 25% dos cancro de pulmón**, entre outros efectos graves na saúde, non se ten feito un estudo epidemiolóxico do persoal da administración pública para valorar o alcance actual e a valoración no seu caso de enfermidade profesional/accidente laboral.

Porén a prevención é a primeira opción polo que, solicitamos por escrito á Xunta de Galiza a través de tódalas xefaturas territoriais en Ourense así como ao servizo de prevención de riscos laborais que iniciara urxentemente a medición en tódolos centros así como a toma de medidas cautelares para eliminar este grave risco para a saúde de traballadores e usuarias.

Sabedes cal foi a resposta?

## Polos dereitos laborais e os servizos públicos. Pola dignidade na función pública

O pasado sábado, día 26 de maio, tivo lugar a VII Asamblea Nacional do sector de Administración Autonómica da CIG, celebrada sob o lema “Polos dereitos laborais e os servizos públicos. Pola dignidade na función pública”. As e os delegados elixiron á nova dirección, a Zeltia Burgos como **nova responsábel nacional** e apostaron, tal e como reza o lema da asemblea, por sumar as forzas necesarias para enfrontar a loita pola recuperación dos dereitos roubados.

Na súa intervención no acto de clausura da VII Asemblea, Zeltia Burgos, a primeira muller que asume o cargo de responsábel nacional do sector da Autonómica nunha executiva conformada ademais maioritariamente por mulleres, denunciou a campaña de desprestixio artellada contra as empregadas e empregados públicos para xustificar, so pretexto da crise, uns recortes sociais e salariais que despois se levaron tamén ao sector privado.

Unha campaña que, como lembrou, viu acompañada doutra para desprestixiar tamén a organizacións e representantes sindicais e de reformas como a da negociación colectiva, a lei de medidas do 2012 e a lei mordaza. Un panorama “de perda de dereitos e de represión que condiciona a mobilización e a loita e pola que derivamos cara un camiño de confinamento e atención individual”, advertiu.

En todo caso subliñou que foi a CIG “a única organización sindical que mantivo a súa capacidade combativa e de loita, marcando unha liña de acción e marcando o ritmo de traballo mesmo ás outras organizacións sindicais con representación no noso sector” e considerou que agora “**estamos noutro momento no que as consciencias comezan a espertar, non se pode aguantar mais tempo e é hora de recuperar o perdido**”.

Como exemplo puxo a folga de Xustiza que, ao seu entender, fixo espertar a “moitos colectivos da administración pública” e chamou a “reforzar o empoderamento da clase traballadora”.

Como obxectivo do sector puxo a “construción dun proxecto de recuperación de dereitos onde destaquen accións mobilizadoras e combativas” e apuntou a folga xeral do 19 de xuño como “o noso primeiro reto”.

### Ourense: a única provincia sen edificio administrativo

A Xunta presidida por Manuel **Fraga** elabora, en 1999, un proxecto denominado “**Ourense cara ó novo milenio**” que tiña previsto o traslado do estadio de fútbol de O Couto a una parte dos terrenos de Benposta.

O proxecto incluía a construción dun centro administrativo único da Xunta en Ourense, como no resto de provincias, cunha superficie prevista de máis de 3.500 m<sup>2</sup>.

No ano 2014 a Xunta paraliza definitivamente o proxecto do gran edificio administrativo nos terrenos que actualmente ocupa o campo de fútbol de O Couto, unha actuación defendida nos anos 90 polo entón alcalde do PP en Ourense, Manuel Cabezas, e mais tarde polo goberno bipartito (PSOE y BNG) da cidade.

Así os traballadores quedamos espallados en distintas ubicacións por toda a cidade e con moitas deficiencias: espazos **sen luz** natural, problemas de **climatización**, falta de **espazo**, **humidades**, sen medidas de emerxencia, con problemas de **radón**...

Ao que hai que sumarlle a ausencia dunha **escola infantil** onde os traballadores poidan levar os seus fillos, seica reservan prazas na El Antela, que só lle queda a man a algunha xefa de servizo moi apreciada polas traballadoras. Tampouco temos a nosa disposición unha **aula de formación** en condicións.

Mentres a Xunta tirando os cartos pagando alugueiros de locais, reformando despachos dos xefes ou facendo novos edificios no Gaiás (17M €). E os cidadadáns tendo que dar mil voltas para facer os trámites.

## **Estamos fartos e fartas: A folga xeral é a nosa resposta**

Hai que pasar á ofensiva, demostrarlle ao poder económico e político a nosa disposición de loitar polos nosos dereitos e por un futuro digno.

Non podemos agardar máis. Está en xogo evitar que as novas xeracións vivan en peores condicións que as anteriores.

**Para esixir a derogación da reformas laborais e da negociación.** Debilitan á clase traballadora, precarizan o emprego, establecen novas formas de explotación laboral.

**Para conseguir avances reais para as mulleres.** A Folga do 8 Marzo debe traducirse no remate da fenda salarial, da temporalidade, do acoso sexual e laboral, das discriminacións por maternidade... A sentenza da Audiencia de Navarra confirma que a violencia patriarcal está instalada en todos os aparatos do Estado.

**Para defender as pensións públicas.** O PP non pode desoír o clamor social de pensións dignas. É a mellor defensa ante a próxima reforma do Pacto de Toledo. As medidas anunciadas nos Orzamentos son parches, se non se derrogan as reformas de 2011 e 2013, o roubo ás pensións seguirá.

**Contra os abusos da patronal,** reforzada con estas políticas antiobreiras, paralizada a negociación colectiva, atacan as nosas condicións laborais e salariais, impón convenios estatais que non satisfan as nosas reivindicacións de emprego e salarios dignos.

**Para frear as duras políticas do PP** contra os/as desempregados/as. O Goberno de Raxoi prepara un novo recorte ao sistema de protección por desemprego, unificando as prestacións asistenciais para reducir o tempo e as contías dos subsidios.

**Para acabar cos recortes sociais e a privatización de servizos públicos,** lograr a derogación da LOMCE e da Lei de Saúde da Xunta de Feixoo. Para que o Ensino e a Sanidade sigan sendo galegas, públicas, universais, gratuítas e de calidade.

**Para impedir o retroceso nas liberdades democráticas e nos dereitos fundamentais,** da Lei Mordaza e da última reforma do Código Penal.

**Pola rexeneración democrática** fronte á corrupción actual, ante a crise política e institucional do réxime imposto coa Constitución do 78, que pretenden perpetuar a toda costa.

**Por solidariedade e unidade da clase traballadora.** Cómpre rachar a dupla realidade dentro da clase traballadora, de explotadas e sobre-explotadas. A precariedade e a pobreza laboral pódense facer imparábeis.

**Para conquistar o dereito a vivir e traballar dignamente na Nosa Terra.** Para que a riqueza dos nosos recursos se utilicen para industrializar, crear postos de traballo dignos e mellores servizos públicos. Para que a nosa emigración poida retornar.

## **Na galiza, emprego, salarios e pensións dignas!!!**